



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 361

VIII legislatura

24 de novembro de 2010

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1.Procedementos de natureza normativa

1.2.Proxecto e proposicións de lei

1.2.1.Proxectos de lei

Rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 [- 08/PL-0022(52924)] [113911](#)

Emendas ao articulado e ao estado de gastos formuladas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011

Grupo I

Emendas ao articulado do proxecto

- Emendas do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 54595) [113916](#)
- Emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 54607) [113920](#)

- Emendas do G.P. e do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 54609). [113938](#)

Grupo II

Emendas ao estado de autorización de gastos

Clasificación por seccións, organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, sociedades públicas, fundacións públicas e consorcios

Seccións

Sección 04 Presidencia da Xunta de Galicia

- G.P. Popular de Galicia núm. 1 (doc. núm. 54596). [113943](#)
- G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 1 a 41 (doc. núm. 54591). [113945](#)
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 1 a 33 (doc. núm. 54620). [114048](#)

SUMARIO

Sección 05 Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

- G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 42 a 77 (doc. núm. 54591). [113945](#)
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 34 a 56 (doc. núm. 54620). [114048](#)

Sección 06 Consellería de Facenda

- G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 78 a 80 (doc. núm. 54591). [113945](#)
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego núm. 57 (doc. núm. 54620). [114048](#)

Sección 07 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

- G.P. Popular de Galicia núms. 1 a 4 (doc. núm. 54597). [114120](#)
- G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 81 a 85 e 93 a 167 (doc. núm. 54591) [113945](#)
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 94, 98 a 113 e 116 a 194 (doc. núm. 54620) [114048](#)

Sección 08 Consellería de Economía e Industria

- G.P. Popular de Galicia núms. 1 a 3 (doc. núm. 54598). [114122](#)
- G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 189 a 223 (doc. núm. 54591). [113945](#)
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 195 a 216 (doc. núm. 54620). [114048](#)

Sección 09 Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

- G.P. Popular de Galicia núms. 1 e 2 (doc. núm. 54599). [114124](#)
- G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 224 a 258 (doc. núm. 54591). [113945](#)
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 217 a 264 (doc. núm. 54620). [114048](#)

Sección 10 Consellería de Sanidade

- G.P. dos Socialistas de Galicia núm. 259 (doc. núm. 54591). [113945](#)
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego núm. 266 (doc. núm. 54620). [114048](#)

Sección 11 Consellería de Cultura e Turismo

- G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 266 a 292 e 300 a 322 (doc. núm. 54591). [113945](#)
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 311 a 373 (doc. núm. 54620). [114048](#)

Sección 12 Consellería de Traballo e Benestar

- G.P. Popular de Galicia núms. 1 a 3 (doc. núm. 54600). [114126](#)
- G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 323 a 384 (doc. núm. 54591). [113945](#)
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 374 a 398 (doc. núm. 54620).(Corrección de erros nas emendas núms. 383 e 384 no doc. núm. 54621). [114048](#)

Sección 13 Consellería do Medio Rural

- G.P. Popular de Galicia núms. 1 a 4 (doc. núm. 54601). [114130](#)
- G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 385 a 409 (doc. núm. 54591) [113945](#)
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 399 a 439 (doc. núm. 54620) [114048](#)

Sección 14 Consellería do Mar

- G.P. Popular de Galicia núm. 1 (doc. núm. 54602). [114132](#)
- G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 410 a 454 (doc. núm. 54591). [113945](#)
- G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 440 a 505 (doc. núm. 54620). [114048](#)

Sección 23 Gastos de diversas consellerías

- G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 455 e 456 (doc. núm. 54591). [113945](#)

Organismos autónomos

Organismos autónomos administrativos

Augas de Galicia

- Núm. 168 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas. [113945](#)
- Núms. 58 a 93, 95 a 97 e 114 (núm. de rexistro 54620) do G.P. do BNG. [114048](#)

Servizo Galego de Saúde

- Núms. 260 a 265 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas. [113945](#)
- Núms. 265 e 267 a 310 (núm. de rexistro 54620) do G.P. do BNG. [114048](#)

Organismos autónomos de carácter comercial, industrial ou financeiro

Instituto Galego da Vivenda e Solo

-
- Núms. 86 a 92: (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas. [113945](#)
- Núm. 115 (núm. de rexistro 54620) do G.P. do BNG. [114048](#)
- Axencias públicas autonómicas
- Axencia Galega das Industrias Culturais
- Núm. 293 a 299 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas. [113945](#)
- Núm. 1 a 6 (núm. de rexistro 54611) do G.P. do BNG. [114134](#)
- Sociedades públicas
- Entes de dereito público.
- Compañía de Radio Televisión de Galicia
- Núm. 1 (núm. de rexistro 54614) do G.P. do BNG. [114137](#)
- Consello Económico e Social
- Emenda técnica (núm. de rexistro 54603) do G.P. Popular de Galicia. [114139](#)
- Empresa Pública Obras e Servizos Hidráulicos
- Núm. 188 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas. [113945](#)
- Portos de Galicia
- Emenda técnica (núm. de rexistro 54605) do G.P. Popular de Galicia. [114142](#)
- Núm. 1 a 29 (núm. de rexistro 54613) do G.P. do BNG. [114146](#)
- Sociedades mercantís
- Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.
- Emenda técnica (núm. de rexistro 54606) do G.P. Popular de Galicia. [114150](#)
- Núm. 457 a 460 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas. [113945](#)
- Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.
- Núm. 1 (núm. de rexistro 54610) do G.P. do BNG. [114152](#)
- Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.
- Núm. 176 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas. [113945](#)
- Xestión Urbanística de Lugo, S.A.
- Núms. 185 a 187 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas. [113945](#)
- Xestión Urbanística de Ourense, S.A.
- Núms. 177 a 184 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas. [113945](#)
- Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.
- Núms. 169 a 175 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas. [113945](#)
- Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia
- Núm. 1 (núm. de rexistro 54612) do G.P. do BNG. [114154](#)
- Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos, S.A.
- Emenda técnica (núm. de rexistro 54604) do G.P. Popular de Galicia. [114156](#)
- Fundacións públicas
- Fundación Cidade da Cultura de Galicia
- Núms. 1 a 3 (núm. de rexistro 54615) do G.P. do BNG [114158](#)
- Fundación Illa de San Simón
- Núms. 1 a 3 (núm. de rexistro 54616) do G.P. do BNG. [114160](#)
- Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.
- Doc. núm. de rexistro 54664, presentado polo G.P. Popular de Galicia. [114162](#)
- Doc. núm. de rexistro 54669, formulado polo G.P. dos Socialistas de Galicia [114168](#)
- Doc. núm. de rexistro 54676, presentado polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego. [114182](#)
- Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei reguladora do Consello Galego da Competencia
-

SUMARIO

- Doc. núm. de rexistro 54553, formulado polo G.P. dos Socialistas de Galicia. [114188](#)
- Doc. núm. de rexistro 54557, presentado polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego. [114196](#)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxecto e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011

O Pleno do Parlamento, na reunión do 22 de novembro de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento emendas totalidade:

- 08/PL-0022(52924)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011

BOPG núm. 337, do 20.10.2010

Sométense a votación ás emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

Emendas ao articulado e ao estado de gastos formuladas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011

A Mesa da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos reunida o 22 de novembro de 2010 examinou a relación de documentos que se relacionan a seguir presentados en relación co proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011:

- Docs. núms. 54595, 54596, 54597, 54598, 54599, 54600, 54601, 54602, 54603, 54604, 54605 y 54606, do G.P. Popular de Galicia, ao articulado e ao estado de autorización de gastos.

- Docs. núms. 54607 e 54591 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao articulado e ao estado de autorización de gastos.

- Docs. num. 54609, 54610, 54611, 54612, 54613, 54614, 54615, 54616, 54620 (corrección de erros no doc. núm. 54621) do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ao articulado e ao estado de autorización de gastos.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.4, 129 e 130 do Regulamento da Cámara e coas regras de tramitación do Proxecto de lei de orzamentos, adoptou o seguinte ACORDO:

1.º) Cualificalas como emendas parciais ao articulado e ao estado de autorización de gastos presentadas ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011.

2.º) Clasificalas nos grupos que a seguir se especifican:

Grupo I

Emendas ao articulado do proxecto

- Emendas do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 54595)

Preséntanse 11 emendas e admítense todas elas a trámite.

- Emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 54607)

Preséntanse 63 emendas e admítense todas elas a trámite. Suprímese de oficio a emenda número 27 por reproducir a número 24, manténdose a numeración orixinal.

- Emendas do G.P. e do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 54609).

Preséntanse 14 emendas e admítense todas elas a trámite.

Grupo II

Emendas ao estado de autorización de gastos

1. clasificación xeral

- Emendas do G.P. Popular de Galicia (docs. núms. 54596, 54597, 54598, 54599, 54600, 54601, 54602, 54603, 54604, 54605 y 54606), ao estado de autorización de gastos.

Presentáronse 22 emendas.

Admítense todas elas a trámite.

-Emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 54591) ao estado de autorización de gastos.

Presentáronse 460 emendas.

Admítense todas elas a trámite.

-Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (docs. núms. 54610, 54611, 54612, 54613, 54614, 54615, 54616, 54620), ao estado de autorización de gastos.

Presentáronse 549 emendas.

Admítense todas elas a trámite.

2. Clasificación por seccións, organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, sociedades públicas, fundacións públicas e consorcios

2.1. Seccións

Sección 04 Presidencia da Xunta de Galicia

G.P. Popular de Galicia núm. 1 (doc. núm. 54596).

G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 1 a 41 (doc. núm. 54591).

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 1 a 33 (doc. núm. 54620).

Sección 05 Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 42 a 77 (doc. núm. 54591).

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 34 a 56 (doc. núm. 54620).

Sección 06 Consellería de Facenda

G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 78 a 80 (doc. núm. 54591).

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núm. 57 (doc. núm. 54620).

Sección 07 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

G.P. Popular de Galicia núms. 1 a 4 (doc. núm. 54597).

G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 81 a 85 e 93 a 167 (doc. núm. 54591)

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 94, 98 a 113 e 116 a 194 (doc. núm. 54620)

Sección 08 Consellería de Economía e Industria

G.P. Popular de Galicia núms. 1 a 3 (doc. núm. 54598).

G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 189 a 223 (doc. núm. 54591).

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 195 a 216 (doc. núm. 54620).

Sección 09 Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

G.P. Popular de Galicia núms. 1 e 2 (doc. núm. 54599).

G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 224 a 258 (doc. núm. 54591).

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 217 a 264 (doc. núm. 54620).

Sección 10 Consellería de Sanidade

G.P. dos Socialistas de Galicia núm. 259 (doc. núm. 54591).

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núm. 266 (doc. núm. 54620).

Sección 11 Consellería de Cultura e Turismo

G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 266 a 292 e 300 a 322 (doc. núm. 54591).

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 311 a 373 (doc. núm. 54620).

Sección 12 Consellería de Traballo e Benestar

G.P. Popular de Galicia núms. 1 a 3 (doc. núm. 54600).

G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 323 a 384 (doc. núm. 54591).

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 374 a 398 (doc. núm. 54620).(Corrección de erros nas emendas núms. 383 e 384 no doc. núm. 54621).

Sección 13 Consellería do Medio Rural

G.P. Popular de Galicia núms. 1 a 4 (doc. núm. 54601).

G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 385 a 409 (doc. núm. 54591)

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 399 a 439 (doc. núm. 54620)

Sección 14 Consellería do Mar

G.P. Popular de Galicia núm. 1 (doc. núm. 54602).

G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 410 a 454 (doc. núm. 54591).

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 440 a 505 (doc. núm. 54620).

Sección 23 Gastos de diversas consellerías

G.P. dos Socialistas de Galicia núms. 455 e 456 (doc. núm. 54591).

2.2. Organismos autónomos

2.2.1. Organismos autónomos administrativos

Augas de Galicia

-Núm. 168 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas.
-Núms. 58 a 93, 95 a 97 e 114 (núm. de rexistro 54620) do G.P. do BNG.

Servizo Galego de Saúde

-Núms. 260 a 265 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas.
-Núms. 265 e 267 a 310 (núm. de rexistro 54620) do G.P. do BNG.

2.2.2. Organismos autónomos de carácter comercial, industrial ou financeiro

Instituto Galego da Vivenda e Solo

-Núms. 86 a 92: (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas.
-Núm. 115 (núm. de rexistro 54620) do G.P. do BNG.

2.3 Axencias públicas autonómicas

Axencia Galega das Industrias Culturais

-Núm. 293 a 299 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas.
-Núm. 1 a 6 (núm. de rexistro 54611) do G.P. do BNG.

2.4. Sociedades públicas

2.4.1. Entes de dereito público.

Compañía de Radio Televisión de Galicia

-Núm. 1 (núm. de rexistro 54614) do G.P. do BNG.

Consello Económico e Social

-Emenda técnica (núm. de rexistro 54603) do G.P. Popular de Galicia.

Empresa Pública Obras e Servizos Hidráulicos

-Núm. 188 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas.

Portos de Galicia

-Emenda técnica (núm. de rexistro 54605) do G.P. Popular de Galicia.

-Núm. 1 a 29 (núm. de rexistro 54613) do G.P. do BNG.

2.4.2. Sociedades mercantís

Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

-Emenda técnica (núm. de rexistro 54606) do G.P. Popular de Galicia.

-Núm. 457 a 460 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas.

Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

-Núm. 1 (núm. de rexistro 54610) do G.P. do BNG.

Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.

-Núm. 176 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas.

Xestión Urbanística de Lugo, S.A.

-Núms. 185 a 187 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas.

Xestión Urbanística de Ourense, S.A.

-Núms. 177 a 184 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas.

Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.

-Núms. 169 a 175 (núm. de rexistro 54591) do G.P.dos Socialistas.

Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia

-Núm. 1 (núm. de rexistro 54612) do G.P. do BNG.

Empresa Pública Servicios Agrarios Galegos, S.A.

-Emenda técnica (núm. de rexistro 54604) do G.P. Popular de Galicia.

2.5. Fundacións públicas

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

-Núms. 1 a 3 (núm. de rexistro 54615) do G.P. do BNG

.

Fundación Illa de San Simón

-Núms. 1 a 3 (núm. de rexistro 54616) do G.P. do BNG.

CLASIFICACIÓN DO NÚMERO TOTAL DE EMENDAS

Grupo Parlamentario	Emendas ao articulado	Emendas aos estados de gastos	Subtotal
G.P. Popular de Galicia	11	22	33
G.P.dos Socialistas de Galicia	63	460	523
G.P. BNG	14	549	563

Número total de emendas: 1.119.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

A Mesa da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 22 de novembro de 2010, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación de emendas:

- 08/PL-0023(52925)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

BOPG núm. 338, do 21.10.2010

Logo de rematado o 18 de novembro de 2010 o prazo de formulación de emendas parciais ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, dado que se prorrogou a o prazo para presentalas, a Mesa toma coñecemento dos documentos formulados polos grupos parlamentarios seguintes:

-Doc. núm. de rexistro 54664, presentado polo G.P. Popular de Galicia.

-Doc. núm. de rexistro 54669, formulado polo G.P. dos Socialistas de Galicia

-Doc. núm. de rexistro 54676, presentado polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan ós requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Cualificalas como emendas parciais ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas co detalle seguinte:

- 16 emendas do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 54664).
- 42 emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 54669).
- 40 emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 54676).

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei reguladora do Consello Galego da Competencia

A Mesa da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 22 de novembro de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas:

- 08/PL-0021(51987)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei reguladora do Consello Galego da Competencia

BOPG núm. 333, do 14.10.2010

Logo de rematado o 16 de novembro de 2010 o prazo de formulación de emendas parciais ao Proxecto de lei de creación do Consello Galego de Defensa da Competencia, dado que se prorrogou a o prazo para presentalas, a Mesa toma coñecemento dos documentos formulados polos grupos parlamentarios seguintes:

-Doc. núm. de rexistro 54553, formulado polo G.P. dos Socialistas de Galicia.

-Doc. núm. de rexistro 54557, presentado polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan ós requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Cualificalas como emendas parciais ao Proxecto de lei de creación do Consello Galego de Defensa da Competencia co detalle seguinte:

-26 emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 54553).

-34 emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 54557).

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2011 (NUM. EXPE.
08/PL-0022).**

Emenda nº1, ao apartado Cinco, de Modificación. Artigo 9

Modifícase o segundo parágrafo do apartado Cinco do artigo 9, que quedará redactado como segue:

“Para os efectos do sinalado no parágrafo anterior, terán tamén a condición de redistribucións de créditos as transferencias dentro dos centros que teñan a consideración de área sanitaria ou Xerencia de xestión integrada, sempre que non afecten a clasificación económica.”

Emenda nº2, ao apartado Catro, de Substitución. Artigo 13

Débase substituir o texto do apartado Catro do artigo 13, polo que segue a continuación:

“Catro.- Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos deberán experimentar a oportuna adecuación, resultando inaplicables as cláusulas que establezan calquera tipo de incremento. Debido as actuais circunstancias económicas excepcionais suspéndese a aplicación dos pactos ou acordos asinados que supoñan incrementos retributivos para o ano 2011.”

Emenda nº3, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 29

Modifícanse o segundo parágrafo do apartado Un do artigo 29, que quedará redactado como segue:

“Non se tomarán en consideración a efectos da dita limitación a creación de prazas que se deriven de sentenzas declaratorias de relacións laborais de carácter indefinido, que quedarán incorporadas á oferta pública de emprego, salvo que se decida a súa amortización. Tampouco se considerarán as substitucións das xubilacións incentivadas na disposición

transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na consellería de educación cando afecten á prestación de servizos docentes nin as prazas de persoal licenciado sanitario e diplomado sanitario con título de especialista dos centros asistenciales do Servizo Galego de Saúde.”

Emenda nº4, ao apartado Un.j), de Substitución. Artigo 49

Débase substituir o texto do subapartado j) dentro do apartado Un do artigo 49, polo que segue a continuación:

“ j) Aquelas axudas ou subvencións nas que, por concorreren circunstancias debidamente xustificadas, derivadas da natureza, do réxime ou da contía da subvención, así se estableza mediante orde da consellería competente en materia de facenda.”

Emenda nº5, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 54

Modifícase o primeiro parágrafo do apartado Dous do artigo 54, que quedará redactado como segue:

“Dous.- As retribucións de persoal docente terán efectividade desde o 1 de xaneiro de 2011, sen prexuízo da data na que se asinen as táboas salariais para o ano 2011 do V Convenio colectivo de empresas de ensinanza privada sostidas total ou parcialmente con fondos públicos, e a Administración autonómica pode aceptar pagamentos a conta, logo da solicitude expresa e coincidente de todas as organizacións patronais e da consulta coas sindicais, ata o momento no que se produza o asinamento das correspondentes táboas, considerándose que estes pagamentos a conta terán efecto a partir do 1 de xaneiro de 2011.”

Emenda nº6, de Modificación. Artigo 58

Modifícase o texto do artigo 58, do seguinte xeito:

Onde dí: “... ascenden a 356.540.559 euros, ...”

Debe dicir: “... ascenden a 242.216.497 euros, ...”

Emenda nº7, ao apartado 31, de Modificación. Artigo 59

Modifícase o cuarto guión do número 31), alínea 44, subalínea 01, do artigo 59, que quedará redactado como segue:

“ - Análise de toxicidade tipo ASP por cromatografía líquida de alta eficacia segundo o método da AOAC: 47'52 €”

Emenda nº8, ao apartado 39, de Modificación. Artigo 59

Modifícase número 39), alínea 49, do artigo 59, que quedará redactado como segue:

"49 Recoñecemento e inscrición das escolas de navegación de lecer: 147'21 €"

Emenda nº9, ao apartado Catro, de Modificación. Disposición adicional quinta

Modifícase o primer parágrafo do apartado Catro da disposición adicional quinta, que quedará redactado como segue:

“Catro.- Unha vez deducida da dotación do fondo a participación que corresponda a Federación Galega de Municipios e Provincias, conforme ao acordado pola Comisión Galega de Cooperación Local, a contía resultante transferírase aos concellos con carácter de entrega a conta, por doceavas partes, mediante pagos mensuais a realizar durante a segunda quincena do mes ao cal corresponda.”

Emenda nº10, de Modificación. Disposición adicional novena

Modifícase o primer parágrafo da disposición adicional novena, que quedará redactado como segue:

“Os importes dos concertos, contratos e convenios de colaboración que teña subscritos a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entidades do sector público adecuaranse ás novas condicións retributivas que se derivan das previsións desta lei.”



Emenda nº11, de Modificación. ANEXO 5

Modifícase o anexo 5, da seguinte maneira:

No orzamento de explotación da Axencia Galega de Emerxencias onde dí "4.733" debe dicir "5.983".

No orzamento de capital da Axencia Galega de Emerxencias onde dí "4.212" debe dicir "5.462".

No orzamento de capital do Instituto Galego de Promoción Económica onde dí "233.748" debe dicir "263.321".

Modifícase o total do orzamento de explotación, onde dí "215.127" debe dicir "216.377".

Modifícase o total do orzamento de capital, onde dí "474.126" debe dicir "474.949".

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 17/11/2010 17:22:40

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS
XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2011
(NUM. EXPE. 08/PL-0022).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5 bis):

"Artigo 5 bis). Previsión de ingresos vinculados ao Fondo de Convergencia para 2011.

A consideración como ingresos no orzamento de 2011 de 242.650.000 de euros correspondentes aos anticipos do exercicio 2011 do Fondo de Convergencia, que non foron comunicados desde a Administración central, fai preciso manter un criterio de prudencia, para dotar dun mínimo rigor a este documento. Para iso o Goberno galego debe presentar, dentro dos tres meses seguintes á aprobación deste orzamento, as retencións de crédito oportunas que permitan garantir a solvencia das contas públicas"

Emenda nº2, de Adición. Artigo 8

Adición dunha nova letra f bis):

"f bis) Dentro do exercicio das súas responsabilidades e competencias e atendendo ao contexto de redución de recursos públicos previsto para 2011, increméntase a imposición sobre a renda dentro do tramo de competencia autonómica do seguinte xeito:

? - Declaración individual: increméntase un punto o tipo a aplicar ao tramo entre 60.001 e 120.000 euros, e dous puntos ao tipo a aplicar a partir de 120.001 euros.

? - Declaración conxunta: increméntase un punto o tipo a aplicar ao tramo entre 90.001 e 150.000 euros, e dous puntos o tipo a aplicar a partir de 150.001 euros.

Os ingresos derivados deste iniciativa constituirán un Fondo de Contingencia co obxectivo de cubrir as eivas sociais, de emprego e de investimento."

Emenda nº3, de Adición. Artigo 8

Adición dunha nova letra l) bis, que terá o seguinte contido:

"l bis) l) Os créditos destinados ao pagamento do complemento autonómico ás pensións non contributivas, ampliaranse de xeito que permitan dar cobertura a todos os solicitantes que cumpran os requisitos esixidos pola Administración e garantir un incremento da contía percibida por cada perceptor do 3% sobre a existente no ano 2010."

Emenda nº4, de Adición. Artigo 8

Adición dunha nova letra l) ter, que terá o seguinte contido:

"l ter:l) Os créditos destinados ao pagamento do RISGA deben garantir esta prestación a todos os solicitantes con dereito á prestación suplementando a contía percibida en 2010 nun 3%."

Emenda nº5, de Supresión. Artigo 9

No artigo 9, punto Un, débense suprimir as seguintes letras:
"d), f) e g)"

Emenda nº6, de Supresión. Artigo 9

Débese suprimir a letra m) no punto Sete do artigo 9.

Emenda nº7, de Modificación. Artigo 9

Proponse unha nova redación na letra b) do punto Tres:

No segundo parágrafo, terceira liña dende: "... cando" ata o final, onde di: "... previstos," débese substituír polo seguinte texto:

"... cando a transferencia teña a súa causa na necesidade de facer públicas medidas de seguridade en materia de protección civil derivadas de riscos non previstos ou medidas sanitarias sobre riscos para a saúde pública."

Emenda nº8, de Adición. Artigo 9

No punto Tres, ao principio do texto débese engadir o seguinte:

"Tres. Con vixencia exclusiva para o ano 2011, e sen prexuízo"

Emenda nº9, de Adición. Artigo 14

Débese engadir un novo artigo 14 bis), que terá o seguinte contido:

"Artigo 14 bis). Persoal eventual e de gabinete
O Goberno galego comprométese a reducir o gasto de persoal eventual o 50%, para iso debe presentar o Parlamento de Galicia no prazo máximo de tres meses dende a aprobación desta lei, a repercusión desta redución nas diferentes consellerías da Xunta. Os aforros producidos por esta redución de gasto de persoal eventual incrementarán a dotación do Fondo de Continxencia."

Emenda nº10, de Adición. Artigo 14

Débese engadir un novo artigo 14 ter), que terá o seguinte contido:

"Artigo 14 ter) Contía máxima das remuneracións dos salarios dos directivos de empresas."

Os directivos das empresas e entidades dependentes da xunta de Galicia terán unha remuneración máxima equiparable coas das direccións xerais. Os aforros que podan producirse derivados de este axuste serán utilizados para minorar as aportacións da Xunta de Galicia a estes organismos e incrementarán a dotación do Fondo de Continxencia."

Emenda nº11, de Adición. Artigo 14

Adición dun novo artigo 14 quater), que terá o seguinte contido:

"Artigo 14 quater) Delegados Territoriais

O Goberno galego comprométese a eliminar no prazo máximo de tres meses dende a aprobación deste proxecto de lei, os delegados territoriais e os gastos de gabinete deles dependente. Tales aforros utilizaranse para incrementar a dotación do Fondo de Continxencia.

O persoal funcionario ou laboral adscrito á estrutura das delegacións territoriais reforzarán a xestión das políticas de emprego."

Emenda nº12, de Supresión. Artigo 16

No punto Un, do artigo 16, débese suprimir a seguinte expresión: "... delegados territoriais ..."

Emenda nº13, de Supresión. Artigo 16

Débese suprimir, no punto Un, artigo 16, segundo parágrafo, primeira liña, a seguinte expresión: "... delegados territoriais ..."

Emenda nº14, de Adición. Artigo 16

Adición dun novo apartado Un bis), que terá o seguinte contido:

"Un bis). Todos os altos cargos do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia deberán percibir retribucións inferiores á remuneración da Presidencia da Xunta de Galicia."

Emenda nº15, de Adición. Artigo 18

Débese engadir o seguinte texto despois de: "... residencia no estranxeiro. ..."

"... residencia no estranxeiro, que en todo caso, experimentará unha redución do 5% en sintonía coas medidas salariais adoptadas para controlar o déficit. Os aforros derivados de este axuste utilizaranse para incrementar a dotación do Fondo de Continxencia."

Emenda nº16, de Adición. Artigo 22

Engadir in fine no artigo 22, primeiro parágrafo o seguinte texto:

"... indefinido, cando non se poidan adscribir a un posto de traballo vacante."

Emenda nº17, de Adición. Artigo 35

No artigo 35, débese engadir un novo parágrafo, que terá o seguinte contido:

"Estas operacións financeiras a medio ou longo prazo formarán parte da posición neta debedora da Comunidade Autónoma e deberán computarse dentro da contía máxima da posición neta debedora para 2011."

Emenda nº18, de Supresión. Artigo 39

Débese suprimir o cuarto parágrafo do artigo 39, dende: "Con independencia ...", ata: 2... parágrafo anterior."

Emenda nº19, de Adición. Artigo 45

No artigo 45, débese engadir un novo punto Un bis), que se situará ao inicio do artigo, co seguinte contido:

"Un bis) Teñen a consideración de transferencias de financiamento as achegas en diñeiro nominativas a favor dos organismos e das entidades vinculadas ou dependentes da Administración da Comunidade Autónoma destinadas a financiar global ou parcialmente a súa actividade con carácter indiferenciado."

Emenda nº20, de Supresión. Artigo 46

No punto Dous, do artigo 46, na primeira liña, débese suprimir a seguinte expresión: ".. ou resolucións ..."

Emenda nº21, de Adición. Artigo 46

Débese engadir un punto Un bis) no artigo 46, anterior ao existente, que terá o seguinte contido:

"Un bis). Teñen a consideración de subvencións nominativas aquelas nas que a dotación orzamentaria e o beneficiario individualizado polo nome ou razón social aparecen determinados expresamente no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma."

Emenda nº22, de Adición. Artigo 48

Débese engadir no artigo 48, liña 5, despois de: "... probatorio equivalente ...", o seguinte texto: "... logo da comprobación explícita da execución da obra ou pago da subvención por parte dos servizos técnicos da Xunta de Galicia, e a do pagamento ..."

Emenda nº23, de Modificación. Artigo 51

O punto Dous do artigo 51, débese substituír polo seguinte texto:

"Dous. Na documentación a que se refire a letra b) do punto 5 do artigo do texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, incluírase un anexo que especifique os compromisos derivados dos contratos de colaboración público-privados celebrados ou previstos no orzamento, cunha clara referencia a contía dos investimentos financiados por esta vía e os pagos anuais previstos ao longo da súa duración. Para garantir o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a solvencia das contas autonómicas e a transparencia calquera incorporación dun proxecto, non previsto no orzamento, deberá someterse a aprobación específica do Parlamento de Galicia, incorporando na información remitida o Parlamento a mesma documentación esixida as actuacións incorporadas o proxecto de orzamentos."

Emenda nº24, de Adición. Artigo 51

Débese engadir un novo punto Dous bis, co seguinte texto:

"Dous bis. Ditas fórmulas de colaboración non se utilizarán para financiar investimentos en servizos públicos básicos. Estas fórmulas de colaboración utilizaranse para financiar a construción de infraestruturas produtivas que melloren a competitividade da economía galega, a accesibilidade ou a seguridade."

Emenda nº25, de Adición. Artigo 51

Débese engadir un novo artigo 51 bis), que terá o seguinte contido:

"Artigo 51 bis) . Destino das fórmulas de colaboración público-privadas.
Mentres non se cumpran os requisitos establecidos no artigo 51.Dous.bis o volume de recursos investidos en 2011 procedentes destas fórmulas de financiamento terá un volume máximo de trescentos millóns de euros para garantir a solvencia das finanzas autonómicas."

Emenda nº26, de Adición. Artigo 51

Engadir in fine no artigo 51, punto Un:

"- Análise dos mecanismos de captación de financiamento e as garantías que se prevé utilizar durante a vixencia do contrato."

Emenda nº27, de Adición. Artigo 51

Débase engadir un novo punto Dous bis) que terá o seguinte contido:

"Dous, bis) Ditas fórmulas de colaboración non se utilizarán para financiar investimentos en servizos públicos básicos. Estas fórmulas de colaboración utilizaranse para financiar a construción de infraestruturas produtivas que melloren a competitividade da economía galega, a accesibilidade ou a seguridade."

Emenda nº28, de Adición. Artigo 51

Débase engadir un novo punto Dous ter), que terá o seguinte contido:

"O Goberno galego deberá presentar, no prazo máximo de tres meses dende a aprobación desta lei, no Parlamento de Galicia para a súa aprobación un estudo sobre a sostenibilidade das finanzas públicas que determine os límites da colaboración público privada en función, entre outras variables, da evolución do aforro corrente, do PIB de Galicia e da débeda pública. Dito estudo, coas determinacións que permitan garantir a solvencia e sostibilidade das finanzas de Galicia, deberá estar aprobado antes de comprometer ningunha outra iniciativa de colaboración público privada."

Emenda nº29, de Adición. Artigo 52

Débase engadir un novo artigo 52 bis, que terá o seguinte contido:

"52 bis) Convocatoria de axudas e subvencións.

O prazo de presentación de solicitudes de concesión de subvencións, establecidas nas correspondentes convocatorias conforme ao establecido no artigo 20.2 g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en ningún caso será inferior a un mes. O prazo indicado non será aplicable cando a convocatoria veña prefixada por unha normativa de carácter estatal ou comunitario."

Emenda nº30, de Adición. Artigo 53

Adición dun novo artigo 53 bis) que terá o seguinte contido:

"Artigo 53 bis) Tratamento dos créditos para expropiacións
Os créditos destinados ao pagamento de expropiacións autorizadas con motivo da realización de expedientes de obras financiadas con fondos propios que ao fin do anterior exercicio non fosen executados darán lugar, ao pechamento deste, á emisión de documentos "ADOK" en formalización con imputación á conta extraorxamentaria, e serán considerados no ano 2011 como ingresos, podendo dar lugar á xeración de crédito no subconcepto expropiacións do capítulo VI de gastos."

Emenda nº31, de Adición. Artigo 53

Adición dun novo artigo 53 ter, que terá o seguinte contido:

"Artigo 53 ter). Tratamento do crédito destinado ao pagamento da prima adicional da póliza de responsabilidade civil e patrimonial sanitaria.

O crédito destinado ao pagamento da prima adicional da póliza de responsabilidade civil e patrimonial sanitaria da Xunta de Galicia, que se incremente con concepto "primas de seguros" da sección "Gastos de diversas consellerías" que á fin do exercicio anterior non fose executado dará lugar, ao pechamento deste, á emisión dun documento "ADOK" en formalización con imputación á conta extraorxamentaria, e terá a condición de ingreso do capítulo III no exercicio 2011 coa finalidade de xerar crédito nas dotacións que para ese obxecto figuren no estado de gastos."

Emenda nº32, de Modificación. Artigo 55

Débase substituír a cantidade de: "356.540.559", por:
"378.567.754"

Emenda nº33, de Adición. Artigo 55

Adición dun novo artigo 55 bis), que terá o seguinte contido:

"Artigo 55 bis. Convenios, subvencións e transferencias aos concellos.

A Xunta de Galicia procederá á reasignación de convenios, subvencións e transferencias aos concellos de tal xeito que poda acadarse un incremento adicional dos fondos incondicionados aos concellos galegos de 31 millóns de euros."

Emenda nº34, de Adición. Artigo 56

Débase engadir un segundo parágrafo co seguinte texto:

"En calquera caso, o crédito orzamentario ao pagamento das entregas a conta correspondentes aos concellos e as deputacións provinciais pola súa participación nos tributos do Estado, ascende a 840.000.000 euros."

Emenda nº35, de Modificación. Artigo 57

No punto Un do artigo 57, débese substituír a seguinte cantidade: "112.972.805", por: "135.000.000".

Emenda nº36, de Adición. Artigo 57

Débase engadir un novo artigo 57 bis), que terá o seguinte contido:

"Artigo 57 bis). Destino do imposto ambiental sobre augas encoradas

"Os recursos procedentes do imposto ambiental sobre augas encoradas adicaranse, o 50% a creación dun Fondo Complementario Local como transferencias adicionais os concellos afectados e, o 50% restante, o Plan integral de saneamento do río Umia."

Emenda nº37, de Modificación. Artigo 58

No artigo 58, débese substituír a seguinte cantidade: "356.540.559", por: "378.567.754"

Emenda nº38, de Supresión. Artigo 59

Débese suprimir a alínea 66 do artigo 59.

Emenda nº39, de Modificación. Artigo 59

O contido do último parágrafo do punto 1) do artigo 59, débese substituír polo seguinte texto:

"- Persoas que figuraren como demandantes de emprego dende, polo menos, a mes anterior á data de convocatoria de probas selectivas de persoal convocadas para a selección de persoal da Comunidade Autónoma, nas que soliciten a súa participación. Serán requisitos para o desfrute da exención que, no prazo de que se trate, non rexeitasen oferta de emprego adecuado nin se negasen a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais e que, así mesmo, carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional."

Emenda nº40, de Adición. Artigo 59

Débase engadir un parágrafo inicial ao artigo 59, que terá o seguinte contido:

"Artigo 59. Taxas

"Continúan en vigor as contías das tarifas das taxas esixibles á entrada en vigor desta lei segundo as disposicións contidas no artigo 57 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2010."

Emenda nº41, de Modificación. Artigo 60

O punto Dous do artigo 60, débese substituír polo seguinte texto:

"Dous. Os ingresos previstos polo imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga embalsada, establecido pola lei 15/2008, do 19 de decembro, financiará actuacións destinadas ao saneamento, protección e mellora do medio natural, e obras e servizos hidráulicos. Estes ingresos serán distribuídos nun fondo dotado co 50% desta recadación como transferencias os concellos afectados e unha transferencia de capital específica no estado de ingresos do organismo autónomo Augas de Galicia pola contía restante que será adicada o Plan integral de saneamento do río Umia."

Emenda nº42, de Adición. Artigo 60

Adición dun novo punto Tres bis) no artigo 60, que terá o seguinte contido:

" Tres bis. A totalidade de ingresos derivados da aplicación da lei de augas, incrementará o orzamento do organismo autónomo Augas de Galicia.

Emenda nº43, de Adición. Disposición adicional primeira

Adición dunha nova disposición adicional primeira bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional primeira bis. Co obxectivo de mellorar a transparencia e o control parlamentario do Orzamento da Xunta

o Parlamento de Galicia creará, logo dos trámites oportunos, unha Oficina de Control Orzamentario, dependente organicamente da Oficiaría Maior, como departamento de carácter técnico e funcións de seguimento, información, documentación e apoio aos Grupos Parlamentarios, o longo de todo o ciclo orzamentario. Ademais para cada iniciativa legislativa, dita Oficina, efectuará unha análise dos seus efectos financeiros a curto, medio e longo prazo sobre as contas públicas e adicionalmente poderá efectuar labores de asesoramento específico aos Grupos Parlamentarios en relación ás decisións ou acordos a adoptar no Parlamento de Galicia."

Emenda nº44, de Adición. Disposición adicional primeira

Débase engadir unha nova disposición adicional primeira ter, que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional primeira ter. A dotación do Fondo de Continxencia irá destinado, preferentemente, a suplementar ou xerar as seguintes partidas:

- O complemento autonómico as pensións non contributivas,
- O RISGA,
- Fondo de Cooperación Local.
- Bolsas para estudantes universitarios
- Programa de Cooperación o desenvolvemento
- Reforzar as políticas de igualdade
- Programa de loita contra o fracaso escolar
- Programa de mellora da atención primaria
- O mantemento do Fondo de Continxencia, pola contía restantes, para cubrir incidencias.

Emenda nº45, de Supresión. Disposición adicional quinta

Supresión do segundo parágrafo do punto Dous.

Emenda nº46, de Modificación. Disposición adicional quinta

Os puntos Cinco e Seis da disposición adicional quinta, débense substituír polo seguinte texto:

"Cinco. Para os exercicios posteriores ao 2010 as dotacións e criterios de distribución do Fondo de Cooperación Local serán fixadas por lei a aprobar polo Parlamento de Galicia no seguinte período de sesións."

Emenda nº47, de Modificación. Disposición adicional quinta

No punto Dous, débese substituír dende: "... da Administración xeral ...", a: "...%...", por: "... consolidados da Comunidade Autónoma de Galicia queda establecida no 2,649% ..."

Emenda nº48, de Modificación. Disposición adicional quinta

No punto catro da disposición adicional quinta, cuarta liña, dende:"... entrega a conta..." ata trimestre natural.", quedará redactado como segue:

"... entrega a conta, mediante pagos mensuais que se realizarán na primeira quincena de cada mes."

Emenda nº49, de Modificación. Disposición adicional quinta

Proponse unha nova redacción para o segundo parágrafo da disposición adicional quinta, punto catro, que quedará co seguinte contido:

"Coñecida a liquidación dos orzamentos de ingresos consolidados da Comunidade Autónoma de Galicia, practicarase aos concellos a pertinente liquidación definitiva, transferindo ou retendo o importe que corresponda. Este axuste distribuirase proporcionalmente nos catro meses inmediatamente posteriores o coñecemento da liquidación definitiva".

Emenda nº50, de Supresión. Disposición adicional sexta

Débase suprimir ao final do parágrafo da disposición adicional sexta o seguinte:

"... nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso."

Emenda nº51, de Adición. Disposición adicional sétima

Débase engadir un novo parágrafo na disposición adicional sétima, que terá o seguinte contido:

" O IGVS deberá tomar as medidas axeitadas para garantir que o solo desenvolvido por iniciativa pública e interese xeral non poida ser obxecto de especulación por parte dos compradores, establecendo controis que permitan o claro destino do chan industrial a xeración de actividade económica e emprego en Galicia. A estes efectos o goberno galego deberá garantir que o chan industrial promovido por iniciativa pública da Xunta de Galicia que non xere actividade económica e emprego nos tres anos seguintes a seu venda e posta a disposición por parte dos propietarios retornará o patrimonio da Xunta."

Emenda nº52, de Adición. Disposición adicional sétima

Débase engadir unha nova disposición adicional sétima bis, co seguinte contido:

"Disposición adicional sétima bis. Propostas normativas e outras actuacións.

Un.- A formulación de iniciativas legislativas por parte da Xunta de Galicia, así como a aprobación de normas de rango regulamentario, plans ou programas de actuación de contido económico-financeiro requirirán a previa dispoñibilidade dunha memoria económico-financeira que avalíe adecuadamente os custos que esas propostas poidan representar, e que considere as posibilidades ou alternativas existentes para o seu financiamento cando delas poida derivar un incremento do gasto público.

Dous.- O contido mínimo da memoria económico-financeira será establecido por orde da Consellería de Facenda.

Tres.- Antes de proceder a súa tramitación, a iniciativa legislativa, norma de rango regulamentario e os plans ou programas de actuación, acompañados da correspondente

memoria económica-financeira, deberán remitirse á Consellería de Facenda ao obxecto de que, pola Dirección Xeral de Orzamentos, se proceda a emitir informe de carácter preceptivo, que determine os seus efectos sobre o gasto público tendo en conta a política da Xunta de Galicia e a necesidade de contención do gasto público."

Emenda nº53, de Adición. Disposición adicional décima

Débe engadir unha nova disposición adicional décima bis, co seguinte texto:

"Disposición adicional décima bis. Control do gasto en publicidade
Co obxectivo de mellorar o control dos recursos públicos adicados a publicidade e propaganda todo gasto en estas partidas efectuado durante o exercicio 2011 require da presentación dun informe na Comisión 3ª do Parlamento de Galicia."

Emenda nº54, de Adición. Disposición adicional décima

Adición dunha nova disposición adicional décima ter, que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional décima ter. Coherencia do documento orzamentario.
Co obxectivo de dar coherencia ao artigo 53.Tres. Desta lei, o Goberno galego remitirá o Parlamento de Galicia, no prazo máximo dun mes dende a entrada en vigor desta lei, o anexo o que se refire este artigo."

Emenda nº55, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Débese suprimir a disposición derradeira primeira.

Emenda nº56, de Supresión. Exposición de motivos

O primeiro parágrafo do epígrafe I da exposición de motivos, débese suprimir.

Emenda nº57, de Supresión. Exposición de motivos

O cuarto parágrafo do epígrafe I da exposición de motivos, débese suprimir.

Emenda nº58, de Supresión. Exposición de motivos

O quinto parágrafo do epígrafe I da exposición de motivos, débese suprimir.

Emenda nº59, de Modificación. Exposición de motivos

No parágrafo 14 da exposición de motivos, epígrafe II, dende: "... aproveitamentos de auga encorada ata o final do parágrafo, débese substituír polo seguinte texto: "... aproveitamentos de auga encorada queda afectado nun 50% a creación dun Fondo Complementario Local con destino aos concellos afectados, e no 50% restante a execución do Plan integral de saneamento do río Umia."

Emenda nº60, de Modificación. Exposición de motivos

No segundo parágrafo do epígrafe II, onde di: "A lei consta de seis títulos, dez disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.", debe dicir: "A lei consta de seis títulos, quince disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras."

Emenda nº61, de Modificación. Exposición de motivos

Proponse unha nova redacción para o comezo do quinto parágrafo do epígrafe II da exposición de motivos, dende: "No

título II ...", ata: "... non considerando ...", polo seguinte texto:
"No título II "Gastos de persoal", o seu capítulo I, referido ás retribucións do persoal, incorporan para o 2011 os axustes derivados da modificación da Lei de orzamentos 2010 da Comunidade Autónoma de Galicia, non considerando...."

Emenda nº62, de Adición. Exposición de motivos

No parágrafo 12, epígrafe II da exposición de motivos, débese engadir despois de: "... que recibiron no 2010. ...", o seguinte texto: "... e se incrementan os fondos incondicionais en 31 millóns de euros."

Emenda nº63, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir o último parágrafo da exposición de motivos.

Emenda nº64, de Modificación. ANEXO 3

No cadro denominado "Créditos asignados ás corporacións locais", débense substituír as seguintes cantidades:: "119.679.062", por "135.000.000"; e: "356.540.559", por: "378.567.754"

Asinado dixitalmente por:

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/11/2010
17:33:12**

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS
XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2011
Emenda nº8, ao apartado Tres.1º, de Adición. Artigo 6

Débese engadir no subapartado 1º do apartado Tres do Artigo 6º.- un novo parágrafo ao final, que quedará redactado co seguinte contido:

“ O órgano competente concederá 10 días hábiles os interesados que dentro do prazo anterior procederan o nomeamento de perito e a presentación de ditame, para cubrir as eivas de documentación que podan producirse.”

Emenda nº9, ao apartado Tres.2º, de Adición. Artigo 6

Débese engadir no subapartado 2º do apartado Tres do Artigo 6, na primeira liña o seguinte contido:

Engadir logo de:"Transcorrido o prazo de 1 mes e dez días..." o seguinte texto:"e, no seu caso, os dez días hábiles para cubrir as eivas de documentación, sen facer..."

Emenda nº10, ao apartado Un.c), de Adición. Artigo 8

Débese engadir un novo subapartado c bis) no apartado Un do Artigo 8º, que quedará redactado co seguinte contido:

"c bis) O 100% da cota anual, se a autorización e anterior o 31 de marzo do ano en curso."

Emenda nº11, de Adición. Artigo 9

Débese engadir un novo Artigo 9º bis.-, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 9º bis.-

O Goberno galego comprométese a presentar no Parlamento de Galicia no prazo máximo de tres meses dende a aprobación desta lei, o proxecto de lei de creación da Axencia Tributaria de Galicia, de garantía dos dereitos dos contribuíntes e de loita contra a fraude fiscal. Este proxecto de lei deberá incorporar, en todo caso, os seguintes aspectos:

- Creación, funcións, principios xerais de actuación, obxectivos e réxime xurídico da Axencia e dos seus actos
- Organización da Axencia, especificando os órganos de goberno e funcións de cada órgano,
- Funcionamento e réxime económico, de contratación e patrimonial

- Colaboración entre administracións."

Emenda nº12, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 10

Débase modificar o apartado Un do Artigo 10º.-, que quedará redactado co seguinte contido:

"Un. Creación e natureza da Axencia Tributaria de Galicia

1. Créase a Axencia Tributaria de Galicia como un ente con personalidade xurídica propia, plena capacidade e competencias para organizar e exercer as funcións que ten encomendadas.

2. A Axencia actuará axustada o dereito público e rexerese pola presente Lei, polas disposicións reguladoras das entidades que conforman o sector público de Galicia e polo seu regulamento de réxime interior.

3. A Axencia terá plena capacidade e autonomía para desenvolver as súas funcións e adscribirase a Consellería de Facenda.

4. O departamento de adscrición exercerá o control da eficacia e eficiencia da Axencia, e dará conta anualmente o Consello da Xunta e o Parlamento de Galicia da actividade da mesma."

Emenda nº13, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 10

Débase modificar o apartado Dous do Artigo 10º.-, que quedará redactado co seguinte contido:

"Dous. Funcións da Axencia Tributaria de Galicia

Corresponden a Axencia Tributaria de Galicia as seguintes funcións:

1. Xestionar, recadar, liquidar e inspeccionar os tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Xestionar, recadar, liquidar e inspeccionar por delegación do Estado os tributos estatais cedidos totalmente a Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A colaboración e coordinación coas demais administracións tributarias e en particular a participación nos órganos de goberno da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou, no seu caso, nos das entidades que se cren en relación coa aplicación dos tributos en Galicia.

4. A Axencia poderá asumir, mediante lei, convenio ou delegación de competencias, as funcións de aplicación de tributos propios dos entes locais de Galicia.
5. Xestionar, recadar, liquidar e inspeccionar os recargos que podan establecerse sobre os tributos do Estado.
6. O exercicio da potestade sancionadora en relación con todos os tributos e recargos cuxa aplicación corresponda a Axencia.
7. Xestionar as recadacións pola vía executiva dos ingresos de dereito público non tributarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e dos entes que conforman o sector público da Comunidade Autónoma.
8. A colaboración e coordinación con outras administracións tributarias.
9. Exercer calquera outra función que lle sexa atribuída por lei, convenio, delegación ou encomenda de xestión."

Emenda nº14, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 10

Débase engadir un novo apartado Dous bis. dentro do Artigo 10º.-, que quedará redactado co seguinte contido:

Dous bis. Principios xerais de actuación da Axencia Tributaria de Galicia

A Axencia Tributaria de Galicia actuará con autonomía de xestión. A súa actividade fundamentarase nos seguintes principios e regras de actuación:

- a) Legalidade, obxectividade, eficacia e universalidade na aplicación dos tributos, con pleno respecto os dereitos e garantías dos cidadáns.
- b) Loita contra as diversas formas de fraude fiscal
- c) Eficacia e responsabilidade na xestión da información.
- d) Información e servizo os cidadáns, prestando unha atención especial os contribuíntes, tentando reducir o mínimo os custes de tramitación e facilitar o cumprimento voluntario das obrigas tributarias.
- e) Coordinación e cooperación co resto de administracións tributarias.
- f) Colaboración social e institucional cos colexios profesionais, outras corporacións de dereito público e asociacións profesionais do ámbito tributario a fin de facilitar o máximo os contribuíntes o cumprimentos das súas obrigas e deberes tributarias.
- g) Adaptación continua os cambios do entorno económico e social e atención as novas necesidades dos cidadáns.

- h) Transparencia na fixación de criterios e obxectivos na súa actividade, en particular na loita contra o fraude.
- i) Impulso do emprego e aplicación de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos.
- j) Especialización do persoal."

Emenda nº15, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 10

Débase engadir un novo apartado Dous ter. dentro do Artigo 10º.- , que quedará redactado co seguinte contido:

"Dous ter. Relación da Axencia Tributaria de Galicia ca Consellería de Facenda

A relación entre a Axencia Tributaria de Galicia e a Consellería de Facenda artículase mediante un contrato-programa plurianual de actuación e o plan anual de actuación. O contrato-programa definirá os obxectivos a perseguir, tanto no ámbito tributario de control como en atención os cidadáns, os resultados previstos a obter a partir da xestión levada a cabo e os instrumentos de seguimento, control e avaliación os que a Axencia debe someter a súa actividade. A duración mínima deste contrato será de tres anos e será aprobado polo Consello da Xunta a proposta da consellería de Facenda logo de dar conta ao Parlamento de Galicia. O Plan anual será aprobado pola dirección da Axencia axustándose as directrices e orientacións da Consellería competente en materia de Facenda e as previsións do contrato-programa."

Emenda nº16, de Adición. Artigo 13

Débase na alínea Un.- do Artigo 13º o seguinte contido:

Despois de: "...que queda redactado como segue: "Un,- O patrimonio das extintas cámaras agrarias locais...", e entre "...no patrimonio da Comunidade ..." engadir o seguinte texto: "..., de acordo co proceso de liquidación realizado no seu día, integrárase definitivamente..."

Emenda nº17, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 15

Débase modificar o subapartado c) do apartado Dous.- do Artigo 15º, que quedará redactado co seguinte contido:

Despois de: “ ...constituídas nunha agrupación con personalidade xurídica que teña como finalidade...” substituír o texto polo seguinte :

“...a reordenación da propiedade forestal e garantir a defensa contra incendios e o planeamento preventivo dos montes, mediante a xestión sostible das parcelas en común, que permita a valorización dos usos forestais e facer viables os aproveitamentos forestais e a súa comercialización.”

Emenda nº18, de Supresión. Artigo 17

Débase suprimir o Artigo 17º.-

Emenda nº19, de Supresión. Artigo 18

Débase suprimir o Artigo 18º.-

Emenda nº20, de Supresión. Artigo 19

Débase suprimir o parágrafo cuarto do Artigo 19º.-

Suprimir:“Nos sistemas selectivos que se celebren por concurso ou concurso-oposición e en relación cos procesos extraordinarios de consolidación de emprego establecidos para o persoal laboral da Xunta de Galicia, serán obxecto de especial valoración os servizos prestados na Xunta de Galicia no grupo e categoría ao que se acceda.”

Emenda nº21, de Supresión. Artigo 20

Débase suprimir o Artigo 20º.-

Emenda nº22, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 21

Débese modificar o apartado 2.- do Artigo 21º.-, que quedará redactado co seguinte contido:

"2.- Este traslado, de carácter voluntario, levarase a cabo mediante comisión de servizos."

Emenda nº23, ao apartado 1.-, de Modificación. Artigo 21

Débese modificar o apartado 1.- do Artigo 21º.-, que quedará redactado co seguinte contido:

"1.- A Xunta de Galicia no marco da planificación xeral dos seus recursos humanos, e sen prexuízo do dereito dos funcionarios á mobilidade, poderá acordar o traslado do persoal funcionario de carreira, a consellerías, unidades, organismos, axencias ou entidades distintos aos do seu destino, cando considere que existen sectores prioritarios da actividade pública con necesidades específicas de efectivos sempre contando coa aceptación individual do empregado público incurso na proposta de traslado."

Emenda nº24, de Supresión. Artigo 22

Débese suprimir o Artigo 22º.-

Emenda nº25, de Modificación. Artigo 23

Débese modificar o Artigo 23º.-, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 23º.- Rehabilitación da condición persoal funcionario. Engádese un novo artigo 50 bis ao texto refundido da lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, co seguinte contido:

"Artigo 50 bis

O consello da Xunta de Galicia, previo informe favorable da Asesoría Xurídica e oída a Comisión de Persoal, poderá

conceder de forma motivada, con carácter excepcional e a solicitude da persoa interesada, a rehabilitación de quen perdesse a condición de persoal funcionario por condena á pena principal ou accesoria de inhabilitación, atendendo ás circunstancias e entidade do delito cometido. Se a resolución non se ditase de forma expresa e se notificase á persoa interesada no prazo de tres meses, a solicitude de rehabilitación poderase entender desestimada."

Emenda nº26, de Supresión. Artigo 26

Débese suprimir o Artigo 26º.-

Emenda nº27, de Supresión. Artigo 30

Débese suprimir no segundo parágrafo do Artigo 30º.-, o seguinte texto:

Suprimir:"agás os xefes/as de gabinete do Presidente e dos membros do Consello da Xunta de Galicia"

Emenda nº28, de Adición. Artigo 35

Débese engadir un novo parágrafo ao Artigo 35º, que quedará redactado co seguinte contido:

"En todo caso a aprobación do seu Regulamento e o nomeamento do seu presidente ou responsable, deberán realizarse por decreto da Xunta de Galicia, dando previamente conta ao Parlamento de Galicia, e deberá recaer en persoa independente que ostente a cualificación xurídica e profesional necesaria para garantir un axeitado coñecemento das materias que deba tratar."

Emenda nº29, ao apartado Un.b), de Supresión. Disposición transitoria única

Débese suprimir o subapartado b) do apartado Un.- da Disposición transitoria única.-

Emenda nº30, de Supresión. Disposición derogatoria única

Débase suprimir a Disposición derogatoria única.

Emenda nº31, de Adición. Disposición derogatoria única

Débase engadir unha nova Disposición derogatoria única bis.-, que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición derogatoria única bis.- Modificación da Lei 3/2007, do 9 de Abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Un.- Modifícase o Artigo 30 da Lei 3/2007, do 9 de Abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, quedando redactado como segue:

"Artigo 30.- Sistema de reorganización da propiedade forestal. Calquera número de propietarios ou propietarias que concentre unha superficie min de 15 ha en coto redondo cun máximo de 3 unidades de superficie, poderá iniciar os trámites conducentes á creación de agrupacións de propietarios de parcelas susceptibles de aproveitamento forestal, con personalidade xurídica propia e capacidade de cumprimento dos seus fins, que teña como finalidade a reordenación da propiedade forestal e garantir a defensa contra incendios e o planeamento preventivo dos montes, mediante a xestión sostible das parcelas en común, que permita a valorización dos usos forestais e facer viables os aproveitamentos forestais e a súa comercialización, e serán obxecto de priorización nas axudas as accións de fomento forestal". Esta figura será desenvolvida regulamentariamente, mediante Decreto da Consellería competente da Xunta de Galicia, no prazo máximo dun ano a partir da entrada en vigor desta Lei de acompañamento.

Dous.- Modifícase o punto 21 do Artigo 2 da Lei 3/2007, do 9 de Abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, quedando redactado como segue:

Artigo 2.- Definicións

Para os efectos desta lei, defínense os seguintes termos:

21. Agrupacións de propietarios forestais: Calquera número de propietarios ou propietarias que concentre unha superficie min de 15 ha en coto redondo cun máximo de 3 unidades de superficie que teña como finalidade a reordenación da

propiedade forestal e garantir a defensa contra incendios e o planeamento preventivo dos montes, mediante a xestión sostible das parcelas en común, que permita a valorización dos usos forestais e facer viables os aproveitamentos forestais e a súa comercialización."

Emenda nº32, de Modificación. Disposición derradeira primeira

Débase modificar o subapartado 1. do apartado Un.- da Disposición derradeira primeira.-, que quedará redactada co seguinte contido:

"1. O Fondo de Compensación Ambiental destinarase nun 75% a realización de gastos de inversión nos entes locais afectados polas explotacións eólicas. Un 65% para aqueles cuxo termo municipal se encontre dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico, e un 10% para aqueles afectados polas correspondentes liñas de evacuación."

Emenda nº33, de Adición. Disposición derradeira terceira

Débase engadir no apartado Un.- da Disposición derradeira terceira, o seguinte texto:

Despois de : " ...despoboamento dese territorio,..." e entre "...do Banco de Terras de Galicia.

Así mesmo este ente será..." engadir o texto seguinte:"...impulsando a creación e ampliación de explotacións agrarias e gandeiras en canto que actividades produtivas relevantes no medio rural galego , mediante a promoción e xestión..."

Emenda nº34, de Supresión. Disposición derradeira cuarta

Débase suprimir a Disposición derradeira cuarta.-

Emenda nº35, de Supresión. Disposición derradeira quinta

Débese suprimir a Disposición derradeira quinta.-

Emenda nº36, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir os parágrafos 1, 2, 3, e 4 da Exposición de motivos.

Emenda nº37, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir ao comezo do quinto parágrafo da Exposición de motivos o seguinte contido:"De acordo co exposto"

Emenda nº38, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir o parágrafo nº vintecinco da Exposición de motivos.

Suprimir dende:"Noutro orde, ..." ata:"...interese social."

Emenda nº39, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir os parágrafos nº 17, 18, 19,20 e 21 da Exposición de motivos.

Emenda nº40, de Modificación. Exposición de motivos

Débese modificar ao final do parágrafo noveno da Exposición de motivos o seguinte contido:

Onde di:"sen que se...tramos" debe dicir: "con aumentos nos tipos aplicables de un e dous puntos para os contribuíntes que superen determinadas bases liquidables que corresponden a aqueles con rendas superiores a 60.000 € e 120.000 € respectivamente."



Emenda nº41, de Modificación. Exposición de motivos

Débase modificar a primeira liña do parágrafo duodécimo da Exposición de motivos o seguinte texto:

Onde di:"...dos tipos de gravame..." debe dicir:"...de novas bases e tipos de gravame..."

Emenda nº42, de Modificación. Exposición de motivos

Débase modificar o parágrafo nº dezaseis da Exposición de motivos, polo seguinte contido:

Ao final do parágrafo citado, onde di: "..., autorízase a creación da Axencia Tributaria de Galicia." debe dicir:"se adquire o compromiso de crear mediante Lei específica a Axencia Tributaria de Galicia no seguinte período de sesións á aprobación desta Lei, dando cumprimento á lexislación existente e en congruencia co aprobado pola propia Xunta de Galicia, no seu consello do 5 de agosto de 2010, relativo a normativa de aplicación sobre a organización e funcionamento da Administración Xeral e o Sector Público de Galicia."

Asinado dixitalmente por:

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/11/2010
17:14:25**

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E
ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 08/PL-0023).**

Emenda nº1, ao apartado Cinco.-, de Supresión. Artigo 1
Débese suprimir o punto Cinco.- do artigo.

Emenda nº2, de Supresión. Artigo 3
Débese suprimir o artigo.

Emenda nº3, de Supresión. Título II
Débese suprimir este Título.

Emenda nº4, de Supresión. Artigo 11
Débese suprimir este artigo.

Emenda nº5, de Supresión. Artigo 12
Débese suprimir este artigo.

Emenda nº6, de Supresión. Artigo 13
Débese suprimir este artigo.

Emenda nº7, de Supresión. Capítulo II



Débese suprimir este Capítulo.

Emenda nº8, de Supresión. Artigo 14

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº9, de Supresión. Artigo 15

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº10, de Supresión. Artigo 16

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº11, de Supresión. Artigo 17

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº12, de Supresión. Artigo 18

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº13, de Supresión. Capítulo III

Débese suprimir este Capítulo.

Emenda nº14, de Supresión. Artigo 19

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº15, de Supresión. Artigo 20



Débese suprimir este artigo.

Emenda nº16, de Supresión. Artigo 21

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº17, de Supresión. Artigo 22

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº18, de Supresión. Artigo 23

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº19, de Supresión. Artigo 24

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº20, de Supresión. Artigo 25

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº21, de Supresión. Artigo 26

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº22, de Supresión. Artigo 27

Débese suprimir este artigo.



Emenda nº23, de Supresión. Artigo 28

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº24, de Supresión. Artigo 29

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº25, de Supresión. Artigo 30

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº26, de Supresión. Artigo 31

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº27, de Supresión. Artigo 32

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº28, de Supresión. Artigo 33

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº29, de Supresión. Capítulo IV

Débese suprimir este Capítulo.

Emenda nº30, de Supresión. Artigo 34

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº31, de Supresión. Artigo 35

Débese suprimir este artigo.

Emenda nº32, de Supresión. Disposición transitoria única

Débese suprimir esta Disposición transitoria única.

Emenda nº33, de Supresión. Disposición derogatoria única

Débese suprimir esta Disposición derogatoria única.

Emenda nº34, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Débese suprimir esta Disposición derradeira primeira.

Emenda nº35, de Supresión. Disposición derradeira segunda

Débese suprimir esta Disposición derradeira segunda.

Emenda nº36, de Supresión. Disposición derradeira terceira

Débese suprimir esta Disposición derradeira terceira.

Emenda nº37, de Supresión. Disposición derradeira cuarta

Débese suprimir esta Disposición derradeira cuarta.

Emenda nº38, de Supresión. Disposición derradeira quinta

Débese suprimir esta Disposición derradeira quinta.



Emenda nº39, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débese suprimir esta Disposición derradeira sexta.

Emenda nº40, de Supresión. Disposición derradeira sétima

Débese suprimir esta Disposición derradeira sétima.

Asinado dixitalmente por:

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 18/11/2010
12:32:25**

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI REGULADORA DO
CONSELLO GALEGO DA COMPETENCIA (NUM. EXPE. 08/PL-0021).**

Emenda nº1, de Modificación. Artigo 1

Débase modificar o Artigo 1., que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 1. Natureza xurídica

1. Créase o Consello Galego da Competencia como organismo independente, que adopta a forma de organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de personalidade xurídica e orzamento propio, e con plena capacidade de obrar para exercer as súas funcións.
2. O Consello Galego da Competencia adscíbese á consellaría competente en materia de economía.
3. O Consello Galego da Competencia axustará a súa actividade ao dereito público e rexeráse por esta lei, polas disposicións reguladoras das entidades de dereito público da Xunta de Galicia e polas normas que as desenvolvan.
4. O Consello Galego da Competencia, en desenvolvemento da súa actividade e para cumprir os seus fins, actúa con autonomía orgánica, financeira e funcional, con plena independencia das administracións públicas e dos axentes económicos."

Emenda nº2, de Modificación. Artigo 2

Débase modificar o artigo 2., que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 2. Fins

1. O Consello Galego da Competencia ten como fin xeral preservar, garantir e promover a existencia de transparencia e competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores.

2. O Consello Galego da Competencia exercerá as funcións de instrución e resolución dos expedientes vinculados coa competencia, de colaboración e coordinación, de control de axudas públicas, de arbitraje, consultivas, de promoción da competencia e de asesoramento e representación."

Emenda nº3, ao apartado 1, de Adición. Artigo 7

Débase engadir no apartado 1. do Artigo 7. o seguinte texto:

Na última liña despois de:"...", así como polas corporacións locais da Comunidade Autónoma." engadir: " polas asociacións de consumidores ou usuarios e polas asociacións de empresarios ou produtores."

Emenda nº4, ao apartado 1.c, de Modificación. Artigo 7

Débase modificar o subapartado c) do apartado 1. do Artigo 7., que quedaría redactado co seguinte contido:

"c) De modo preceptivo non vinculante sobre os anteproxectos de lei, decretos e proxectos doutras disposicións autonómicas de carácter xeral que poidan ter algún efecto sobre a competencia efectiva nos mercados."

Emenda nº5, ao apartado 1.c, de Adición. Artigo 7

Débase engadir un novo subapartado dentro do apartado 1. do Artigo 7., que quedará redactado co seguinte contido:

"c bis) De modo preceptivo non vinculante sobre as concesións de obras e servizos públicos da Administración autonómica ou das corporacións locais, para o que se avaliará a súa incidencia sobre a competencia efectiva nos mercados."

Emenda nº6, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 9

Débase modificar o apartado 2. do Artigo 9., que quedará redactado co seguinte contido.

"2. O Consello Galego da Competencia emitirá informe preceptivo non vinculante sobre todos os plans e programas con efectos económicos desenvolvidos pola Xunta de Galicia, para o que avaliará a súa incidencia sobre a transparencia no mercado, a competencia efectiva e os efectos sobre a concentración sectorial ou empresarial."

Emenda nº7, de Supresión. Artigo 15

Débase suprimir na terceira liña do Artigo 15 o seguinte texto:

Suprimir:"españolas ou estranxeiras,"

Emenda nº8, ao apartado 2, de Adición. Artigo 16

Débase engadir un novo apartado 2 bis. dentro do Artigo 16, que quedará redactado co seguinte contido:

"2 bis. Os estudos e informes emitidos polo Consello Galego da Competencia faranse públicos no prazo máximo de trinta días desde a súa entrega ao Goberno ou ás institucións solicitantes."

Emenda nº9, ao apartado 2, de Adición. Artigo 16

Débase engadir un novo apartado 2 ter. dentro do Artigo 16., que quedará redactado co seguinte contido:

"2 ter. Os informes preceptivos e non vinculantes emitidos polo Consello Galego da Competencia derivados da aplicación dos artigos 4, 5, 7, 8 e 9.2. desta lei faranse públicos no momento da súa emisión."

Emenda nº10, de Modificación. Artigo 17

Débase modificar o segundo parágrafo do Artigo 17., que quedará redactado co seguinte contido:

"O presidente ou a presidenta do consello comparecerá antes do 30 de xuño de cada ano ante a Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galicia para a presentación da memoria anual do informe sobre a situación da competencia e do plan de actividades e obxectivos para o ano seguinte. Dentro da memoria anual incorporárase a avaliación das consecuencias das axudas públicas que se concedan en Galicia sobre a transparencia e as condicións de competencia."

Emenda nº11, ao apartado c, de Supresión. Artigo 18

Débase suprimir o apartado c) do Artigo 18.

Emenda nº12, de Modificación. Artigo 19

Débase modificar o Artigo 19., que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 19. Nomeamento e duración do cargo

1. Co fin de garantir a independencia do Consello Galego da Competencia, a presidencia e os vogais serán elixidos por unha maioría cualificada de 2/3 do Parlamento de Galicia, logo de trámite de audiencia dos candidatos na Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galicia.

2. Os ditos candidatos serán elixidos por proposta dos grupos parlamentarios entre xuristas, economistas e outros profesionais de recoñecido prestixio e experiencia no ámbito da actuación do organismo.

3. O nomeamento do presidente ou da presidenta e dos vogais será por un período de cinco anos, renovable por unha soa vez. Ao expirar o prazo do seu mandato continuarán no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión do novo presidente ou presidenta e dos novos vogais.

4. O titular da presidencia ten rango de director xeral, exercerá á súa función con dedicación absoluta e estará sometido ao réxime de incompatibilidades establecido con carácter xeral para os altos cargos da Administración Autonómica."

Emenda nº13, ao apartado 1, de Adición. Artigo 20

Débese engadir na primeira liña do apartado 1. do Artigo 20 o seguinte texto:

Despois de "O cargo de presidente ou presidenta..." engadir:"e os vogais..."

Emenda nº14, ao apartado 2.f, de Modificación. Artigo 20

Débese modificar o subapartado f) do apartado 2. do Artigo 20., que quedará redactado co seguinte contido:

"f) Por separación a causa de incumprimento grave dos deberes do seu cargo, acordada pola maioría cualificada de 2/3 do Parlamento de Galicia, logo da proposta da consellaría competente en materia de economía."

Emenda nº15, ao apartado 3, de Adición. Artigo 20

Débese engadir na primeira liña do apartado 3. do Artigo 20. o seguinte texto:

Despois de:"O titular da Presidencia do Consello Galego da Competencia..." engadir:"e os vogais..."

Emenda nº16, de Adición. Artigo 21

Débese engadir un novo apartado j bis) dentro do Artigo 21., que quedará redactado co seguinte contido:

"j bis) O presidente ou presidenta do Consello Galego da Competencia poderá delegar en calquera dos vogais as funcións que considere adecuadas."

Emenda nº17, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 22

Débese suprimir nas liñas sexta e sétima do apartado 2. do Artigo 22, o seguinte contido:

Suprimir:"Estas compensacións axustaranse ás previsións orzamentarias do organismo para cada exercicio."

Emenda nº18, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 22

Débese suprimir o apartado 3. do Artigo 22.

Emenda nº19, ao apartado 5, de Adición. Artigo 22

Débese engadir un novo apartado 5 bis. dentro do Artigo 22. que quedará redactado co seguinte contido:

"5 bis. O Pleno estará asistido por un secretario ou secretaria."

Emenda nº20, de Adición. Artigo 23

Débese engadir na segunda liña do último parágrafo do Artigo 23. o seguinte contido:

Despois de:"...Administración da Xunta de Galicia" engadir:"adscrito ao Consello Galego da Competencia a tempo completo, con titulación..."

Emenda nº21, de Adición. Disposición adicional

Débese engadir unha nova Disposición adicional bis., que quedará redactado co seguinte contido:

"Disposición adicional bis.

As compensacións dos vogais do Consello Galego da Competencia axustaranse ás previsións orzamentarias aprobadas para cada exercicio, e para o momento de entrada en vigor da lei fíxanse nas seguintes contías:

- 300 € por sesión ordinaria ou extraordinaria do pleno.
- 600 € por ponencia elaborada para as resolucións que dite o pleno.

- 600 € por outros traballos, como informes sobre temas de competencia

A contía máxima destas remuneracións será de 20.000 euros por vogal e ano.

Estas contías poderán ser actualizadas na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº22, de Adición. Disposición transitoria terceira

Débese engadir na Disposición transitoria terceira o seguinte contido:

No segundo parágrafo da Disposición transitoria terceira despois de:"...Tribunal Galego de Defensa da Competencia" engadir:"e do Servizo Galego de Defensa da Competencia..."

Emenda nº23, de Adición. Disposición derradeira segunda

Débese engadir unha nova Disposición derradeira segunda bis, que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición derradeira segunda bis

As referencias que contén a lei en canto ao departamento de adscrición do Consello Galego da Competencia, se entenderán referidas á consellería competente en materia de economía."

Emenda nº24, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir na Exposición de Motivos a seguinte expresión:

No parágrafo que comeza "A sección 1.^a establece que os órganos do consello..." suprimir na cuarta liña dese parágrafo:"subdirección de investigación"

Emenda nº25, de Modificación. Exposición de motivos



Débese modificar no penúltimo parágrafo da Exposición de motivos o seguinte texto:

Onde di:"... unha disposición adicional, ..." debe dicir:"...dúas disposicións adicionais..."

Emenda nº26, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir na Exposición de motivos o seguinte contido:

No parágrafo onde comeza:"A sección 2.^a está dedicada ao presidente ou á presidenta do organismo..." engadir:"así como aos vogais, e co fin de garantir a súa plena independencia establécese que o seu nomeamento lle corresponda ao Parlamento de Galicia, entre xuristas, economistas e outros profesionais de recoñecido prestixio e experiencia no ámbito da actuación do organismo. A sección 3.^a trata da composición..."

Asinado dixitalmente por:

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/11/2010
16:47:30**

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI REGULADORA DO
CONSELLO GALEGO DA COMPETENCIA (NUM. EXPE. 08/PL-0021).**

Emenda nº1, ao apartado 3, de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

" 3. O Consello Galego da Competencia axusta a súa actividade ao dereito público e réxese polo disposto nesta lei, así como polas disposicións reguladoras das entidades do sector público da Administración xeral de Galicia."

Emenda nº2, ao apartado 4, de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"4. A consellaría competente en materia de facenda participará nas directrices e, se é o caso, exercerá o control da actividade do Consello Galego da Competencia exclusivamente sobre aquelas ás que se refire o artigo 9 desta lei."

Emenda nº3, de Adición. Artigo 3

Débese engadir no derradeiro parágrafo, logo de "Lei 5/2007", a seguinte expresión:

", do 3 de xullo,"

Emenda nº4, de Adición. Artigo 4

Débese engadir no primeiro parágrafo, logo de "Lei 5/2007", a seguinte expresión:

", do 3 de xullo,"

Emenda nº5, ao apartado 3, de Adición. Artigo 5

Débese engadir ao remate do punto 3, a seguinte expresión:

"nos ámbitos obxecto da normativa sobre defensa da competencia."

Emenda nº6, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 10

Débese substituír no punto 2, a expresión "Subdirección de investigación" por

"Dirección de Investigación da Competencia"

Emenda nº7, de Substitución. Artigo 11

Débese substituír a expresión "Subdirección de investigación" por

"Dirección de Investigación da Competencia"

Emenda nº8, ao apartado 3, de Adición. Artigo 16

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"3. Así mesmo, estará sometido á normativa galega ditada en materia de transparencia e boas prácticas na administración galega."

Emenda nº9, de Adición. Artigo 17

Débese engadir un novo parágrafo co seguinte contido:

“Así mesmo, o presidente do consello comparecerá no Parlamento de Galicia para informar sobre asuntos relativos ás funcións e competencias do devandito órgano sempre e cando sexa requirido para iso.”

Emenda nº10, de Substitución. Artigo 18

Débase substituir o texto do apartado b) polo seguinte:

“b) A Dirección de Axuizamento da Competencia, órgano máximo de resolución e decisión formado polo presidente e dous vogais.”

Emenda nº11, de Substitución. Artigo 18

Débase substituir o texto do apartado c) polo seguinte:

“c) Á Dirección de Investigación da Competencia, que é o órgano encargado da instrución de expedientes e preparación dos informes relativos ás condutas prohibidas pola Lei 3/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, e ao control de concentracións ás que se refire o artigo 4 desta lei.”

Emenda nº12, de Adición. Artigo 18

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

“d) A secretaría xeral, que é o órgano encargado da xestión económico-orzamentaria e de persoal do consello, así como a asistencia técnica e o apoio administrativo aos demais órganos del.”

Emenda nº13, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 19

Débase substituir o texto do punto 1 polo seguinte:

“1. A presidencia ten rango de secretaría xeral e o seu titular será nomeado polo Consello da Xunta de Galicia entre xuristas, economistas e outros profesionais de recoñecido prestixio e experiencia no ámbito de actuación do organismo, logo de comparecencia perante a Comisión 3.ª do Parlamento de Galicia, que realizará unha valoración sobre a súa idoneidade en función da capacidade acreditada e dos oñecementos técnicos do candidato ou candidata propostos.”

Emenda nº14, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 19

Débase substituír no punto 2 a expresión: "por un período de cinco anos, renovábel por unha soa vez." por:

"por un período de seis anos, que non será prorrogable"

Emenda nº15, ao apartado 2, de Adición. Artigo 19

Débase engadir no punto 2 un novo parágrafo co seguinte texto:

"O presidente ou a presidenta, unha vez que cesase no cargo, deberase de abster de intervir en procedementos ou asuntos que fosen iniciados durante o seu mandato.”

Emenda nº16, ao apartado i), de Adición. Artigo 21

Débase engadir ao remate do apartado i) o seguinte texto:

“así como comparecer sempre que fose requirido para iso por asuntos cuxa competencia para resolver ou instruír lle corresponda ao Consello Galego da Competencia.”

Emenda nº17, ao apartado j), de Substitución. Artigo 21

Débase substituír o texto do apartado j) polo seguinte:

“j) Resolver as cuestións non asignadas a outros órganos do consello.”

Emenda nº18, ao apartado k), de Adición. Artigo 21

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

“ k) Colaborar e cooperar cos órganos reguladores sectoriais no exercicio das súas funcións respectivas e en asuntos de interese común.”

Emenda nº19, ao apartado l), de Adición. Artigo 21

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

“l) Achegar información ou presentar observacións, por propia iniciativa ou por instancia dun órgano xudicial, aos órganos xurisdicionais sobre cuestións que atinxan á aplicación da normativa da competencia nos termos establecidos na Lei de axuizamento civil.”

Emenda nº20, ao apartado m), de Adición. Artigo 21

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

“m) Acordar, logo de acordo na Dirección de Axuizamento da Competencia, a impugnación perante a xurisdición ordinaria das normas e dos actos suxeitos ao dereito administrativo que considere que infrinxa ou impida a libre competencia consonte a normativa na materia.”

Emenda nº21, de Modificación. Artigo 22

Débese substituír, en todo o artigo, a expresión "o Pleno" por:

"a Dirección de Axuizamento da Competencia"

Emenda nº22, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 22

Débase suprimir no punto 2. a seguinte expresión:

"por cada acto xurídico ditado ou"

Emenda nº23, ao apartado 3, de Adición. Artigo 22

Débase engadir, ao remate do punto 3, o seguinte texto:

"En particular, antes do seu nomeamento deberán comparecer previamente perante a Comisión 3.^a do Parlamento de Galicia, que realizará unha valoración sobre a súa idoneidade en función da capacidade acreditada e dos coñecementos técnicos do candidato ou da candidata propostos."

Emenda nº24, de Modificación. Artigo 23

Débase substituír, ao longo de todo o artigo, a expresión "o Pleno" por:

"a Dirección de Axuizamento da Competencia"

Emenda nº25, de Modificación. Artigo 24

Débase substituír, ao longo de todo o artigo, a expresión "o Pleno" por:

"a Dirección de Axuizamento da Competencia"

Emenda nº26, de Modificación. Artigo 24

Débase substituír, ao longo de todo o artigo, a expresión "Subdirección de Investigación" por:

"Dirección de Investigación da Competencia"

Emenda nº27, de Modificación. Artigo 25

Débase substituir, ao longo de todo o artigo, a expresión "Subdirección de Investigación" por:

"Dirección de Investigación da Competencia"

Emenda nº28, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 25

Débase substituir o texto do punto 1. polo seguinte:

"1. A Dirección de Investigación da Competencia é o órgano encargado da instrución dos expedientes previstos nesta lei, ten rango de dirección xeral e o réxime de nomeamento, cesamento e incompatibilidades do seu titular será o mesmo ca o establecido para o presidente do Consello Galego da Competencia."

Emenda nº29, ao apartado 1, de Adición. Artigo 26

Débase engadir, ao remate do punto 1. o seguinte texto:

", que garantan a súa independencia."

Emenda nº30, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 29

Débase suprimir no punto 2. o inciso final:

"Esta última función será exercida a través do presidente ou da presidenta do Consello, segundo o disposto no artigo 21 desta Lei."

Emenda nº31, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 29

Débase substituir no punto 2. a expresión "Consello de administración", por:

"Presidente ou Presidenta do consello as funcións executivas,
de"

Emenda nº32, de Substitución. Artigo 30

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Artigo 30. Réxime xurídico dos actos ditados polo Consello Galego da Competencia e os seus órganos.

1. En exercicio das funcións relacionadas coa materia de promoción e defensa da competencia, o Consello Galego da Competencia e os seus órganos réxense por esta lei, pola lexislación sobre competencia, pola lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e polas normas da Comunidade Autónoma en materia de funcionamento dos órganos colexiados da administración xeral de Galicia. Os actos ditados polos órganos do Consello Galego da Competencia, no exercicio destas funcións, son susceptíbeles dos recursos establecidos en cada procedemento.

2. O réxime de responsabilidade patrimonial do Consello Galego da Competencia e dos órganos, dos funcionarios e do persoal adscrito é o establecido con carácter xeral para a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. A resolución neste ámbito correspóndelle ao presidente ou á presidenta do consello, nos termos establecidos pola normativa reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común."

Emenda nº33, de Modificación. Artigo 31

Débese substituir, ao longo de todo o artigo a expresión "Subdirección de Investigación" por:

"Dirección de Investigación da Competencia"

Emenda nº34, de Modificación. Artigo 31

Débese substituir, ao longo de todo o artigo a expresión "Pleno do Consello Galego da Competencia" por:



"Dirección de Axuizamento da Competencia"

Asinado dixitalmente por:

**Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 16/11/2010
17:43:37**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 16/11/2010
17:43:44**

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727